

Querido Guzmán:

Espero moitísimo que esta sexa a última toma de contacto daquilo ao que soíamos chamar amor, polo menos ao que chamábamos amor naquela remota casa bañada por un río de augas diáfanas onde nos escondiamos do paso do tempo e permitía nutrirme daquela felicidade que só o teus ollos tiñan e que sabe Deus o tanto que o necesitaba.

Non me escribas máis, eu xa regresei a onde mellor estou e de onde o meu corpo nunca sairá. Non te preocupes por mí, estou ben, todo o ben que se pode sendo vella, claro, pero a miña vida foi unha marfallada de cousas magníficas e non tan magníficas das que non me arrepinto, e son moi feliz por iso, e tamén son feliz porque tiven a oportunidade de ter a alguén tan especial como sempre fuches tí.

Non me esperes e goza de todo o que che queda por diante, que non é pouco, e creme que se o Guzmán do pasado, un rapaz desgairado, fraco e feble de dezaioito anos, que tiña unha constelación enteira nas súas meixelas (ás que denominabas pecas, pero eu sabía que eran moito máis que iso) vira o home que estás feito hoxe en día non o crería, non o creo nin eu mesma. Non creo que o rapaz polo que sentín algo semellante ao que chaman amor o deixase de ser, e peor é que eu, unha muller maoir (incluso máis do que era naqueles tempos) puidese sentir algo tan intenso.

As cousas cambiaron hai moito tempo. Eu tampouco son a mesma muller, pero amo cada unha das versións de mi mesma que me fixeron o que son hoxe. Amo a muller que fun e que son. Amo a maneira na que facía o que quixen sen esperar a aprobación de ninguén, pois non nacín para ser a muller de ninguén, nin sequera de tí, ollos brillantes. Pero o tempo pasou e xa casi non podoo recordar a última vez que os meus

ollos te ollaron, pero sí recodo aquel abrazo, aquela última vez que as nosas respiracións se mesturaron e puiden xurar escoitar o teu corazón a través das túas palabras.

Guzmán, si tan só me viras agora asombraríaste, xa non son aquela muller que namoraba aínda que non quixera, o meu encanto foise tal e como me fun eu aquela fría mañá de xaneiro daquela casa que aínda que en pouco tempo se converteu no meu fogar. Aínda te boto moito de menos, meu amor prohibido, meu neno das orbes esmeraldas que me sacou máis suspiros do que meu orgullo me permite admitir, meu amor.

Non me escribas máis, non me gustaría que me viras neste estado tan indigno de todo aquilo que tivemos e de todo aquilo que soñei. Quero que me recordes como a mellor versión de min mesma, que, a pesar deixarte dun xeito tan despreziable, quíxente máis do que pensei que era posible querer.

Posiblemente esta sexa a miña última carta, pero quero que disfrutes de todo aquilo do que eu xa non gozo, e por favor, recórdame como eu querría que o fixeses.

+ Quérote, ollos brillantes, quizáis algún día nos atopemos detrás da nosa constelación.

Quérete, María Balteira.